

CHARLES BARBARA

O asasinato da Pont-Rouge

Traducido por Marie Abraira



Vólvense os paxaros contra as escopetas

I

DOUS AMIGOS

Nun luminoso cuarto, bañado polos caldelos do mes de abril, parrafeaban dous mozos mentres degustaban o xantar.

O máis novo, de aspecto enfermizo, cabelos louros, ollos extremadamente vivos e unha fisionomía de trazos pronunciados que amosaba un carácter firme, contrastaba de maneira singular co outro, aínda de fazulas rosadas, guedellas de cabelos negros e esa mirada lánguida característica dos indecisos por natureza aos que un miudallo desalenta e fai esmorecer.

O louro dirixíase ao moreno polo nome de Rodolphe, e este chamáballe Max ao dos ollos azuis, aínda que o seu verdadeiro nome era Maximilien Destroy¹.

¹Segundo afirma a estudosa xaponesa Nori Kameya na súa tese sobre Charles Barbara, *Un conteur méconnu: Louis-Charles Barbara* (1983), Maximilien Destroy é o álter ego do autor, mentres que Rodolphe é o escritor Louis Henri Murger (París, 1822-1861), quen se fixo célebre no seu tempo tras a publicación de *Scènes de la vie de bohème* (1847-1851), unha descrición realista da bohemia parisiense do século XIX na que á súa vez inmortalizou a Barbara baixo o nome de Carolus Barbemuche, a quen define como «home de letras e filósofo platónico» que aos vinte e catro anos pasa a formar parte do grupo dos bohemios. Barbara non lle perdoou endexamais a Murger un retrato literario tan pouco afagador. A obra de Murger contou cun grande éxito; foi adaptada ao teatro en 1849 e ademais inspiraría dúas óperas con libreto en italiano: *La Bohème* (1896), de Puccini e *La Bohème* (1897), de Ruggero Leoncavallo.

A súa amizade remontábase á infancia e aos tempos da escola, e naquel intre a conversa versaba sobre literatura. Rodolphe, que nun estado de marasmo fora visitar o seu amigo coa esperanza de atopar consolo, teimaba en falar dos desenganos, do amargor e *das espiñas sen rosas* da vida do artista.

No entanto, Max parecía empeñado en aumentar a melancolía do seu amigo co seu discurso.

—As producións deses estraños elixidos, aos que con xusteza se compara coas árbores de delicados froitos, as obras de arte en xeral agroman dos tropezos e, sobre todo, da dor. Non pretendo afirmar con isto que a felicidade esterilice un home de talento, pero estou convencido de que numerosos homes de xenio, por non dicir a meirande parte deles, deben a súa condición ao desprezo que sufriron ou aos atrancos que balizaron os seus pasos; nunha palabra, a calquera clase de sufrimento.

Para Rodolphe, que a semellanza doutros moitos consideraba as artes o medio para encristarse e satisfacer os apetitos e as vaidades que atormentaban a súa carne, esa especie de profesión de fe era literalmente unha estruga entre o pescozo e a gravata. Con cara de pena, miraba primeiro para o seu chapeu e logo para a porta, remexéndose coma se fose un cativo que tivese o baile de san Vito.

Os ingresos de Max limitábanse daquela ao que obtiña pola súa praza como segundo violín na orquestra dun teatro de terceira categoría. Aquela miseria non lle provocaba nin impaciencia nin rautos de indignación. Lonxe disto, coa grata certeza de acubillar na súa mente o xermolo de excelentes libros, botaba man da heroica resignación do home seguro de si e do seu porvir. A pobreza nin o horrozaba nin o entusiasmaba; tíña a por un mal útil e transitorio e, para grande escándalo de moitos dos seus amigos, vía nela un enérxico acicate contra o entumecemento da

